



BASES DO XL CERTAME LITERARIO DO EXCMO. CONCELLO DE VILALBA 2014

O Concello de Vilalba, co afán de estimular a creación poética convoca o XL Certame Literario.

PRIMEIRA.

Este concurso consta de dous premios:

Primeiro premio: 3000 euros, flor natural e diploma.

Segundo premio: 1000 euros, flor natural e diploma.

O xurado reservarse a facultade de conceder os accésits (carentes de dotación económica) que estime oportunos.

As obrigacións fiscais que se deriven do premio serán responsabilidade única do autor ou autora

SEGUNDA.

Poderán concorrer ao certame todos os autores que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade, sempre que presenten as súas obras en lingua galega.

TERCEIRA.

Os poemas serán orixinais e inéditos, escritos en galego, non premiados noutros concursos en datas anteriores ao fallo do xurado. O incumprimento dalgunha destas condicións nas obras premiadas significaría a anulación das adxudicacións, procedendo o xurado a formular de novo as propostas de adxudicación ou declarando deserto o premio.

CUARTA.

O tema dos traballos será libre e a súa extensión mínima será de 500 versos.



QUINTA.

Deberán presentar 5 orixinais por cada obra en tamaño DIN A4 mecanografados a dobre espazo.

SEXTA.

Todos os traballos han de presentarse acompañados dun sobre pechado ou plica facendo constar o lema que distinga o traballo. No interior figurarán os datos persoais, enderezo e teléfono do autor ou autora, así como unha biografía del, e unha declaración formal de que a obra é inédita.

SÉTIMA.

Todos os traballos que concorran ao Certame Literario serán dirixidos ao Concello de Vilalba, Praza da Constitución núm. 1, 27800 Vilalba (Lugo), facendo constar no exterior do sobre **"Para o Certame Literario"**.

O prazo de admisión de orixinais remata o día 18/07/2014, considerándose incluídas neste prazo as obras que enviadas por correo ostenten o selo de orixe con esta ou unha data anterior.

OITAVA.

O dictame do xurado darase a coñecer o día 25/08/2014, a través dos distintos medios de comunicación. As persoas premiadas deberán asistir persoalmente, ou mediante representante caso de resultarlles imposible a entrega de premios que efectuarase nun magno acto que terá lugar en Vilalba o día 30 de agosto, coincidindo co comezo das festas de San Ramón e Santa María 2014.

O xurado estará composto por persoas de recoñecido prestixio no ámbito literario. A súa composición será dada a coñecer xunto coa emisión do resultado.

No caso de que as obras presentadas non acadasen o nivel esixible a xuízo do xurado para a obtención dos premios ou non tivesen a categoría suficiente, poderán declararse desertos.



NOVENA

O Concello de Vilalba reservase en exclusiva, o dereito de edición das obras premiadas e accésits durante o prazo máximo de 6 meses, contados dende o momento do fallo, sen pago adicional algún o da propia cuantía do premio, constituíndo éste a única e total remuneración, considerándose e convindo os seus autores/as a tales efectos que:

- a) Ceden por tempo indefinido, sen límite territorial e para cáquela dos posibles sistemas de comercialización, modalidades e soportes de edición, os dereitos de reprodución, distribución e venda das obras premiadas. Esta cesión será en exclusiva para o Concello de Vilalba.
- b) O Concello de Vilalba queda facultado para a realización, por si mesmo ou mediante convenio co servico editorial público ou privado, de cantas edicións considere oportunas, e co número de exemplares que en cada unha de elas decida libremente.
- c) O Concello de Vilalba queda facultado para a traducción das obras premiadas a outros idiomas, cos mesmos dereitos de explotación e uso que na lingua orixinal, sempre contando co visto e prace do autor da obra.

DÉCIMA.

As obras non premiadas serán destruídas xunto coas súas plicas, non admitíndose peticións de devolución.

DÉCIMO PRIMEIRA.

O fallo do xurado é inapelable, os concursantes aceptan integramente estas bases así como cantas decisións adopte o Concello de Vilalba para que estas poidan ser interpretadas e aplicadas.

CUARTA.

O tema dos traballos será libre e a súa extensión mínima será de 300 versos.